

COMO FACER UN COMENTARIO DE TEXTO

LECTURA

- O primeiro paso é ler o texto. Ler non significa facer unha “lectura rápida” na procura dun tema. Trátase de (sen ningunha distracción: móbiles, ruídos...) dedicar todo o tempo preciso para lograr a máxima comprensión do texto. Queremos saber e comprender en profundidade o que nos quixo dicir a persoa que escribiu o que estamos lendo.
- Reler.
- Se é preciso, volver reler.
- Subliñar, arrodear ou destacar de algún xeito o que creamos que é máis importante.
- Unha comprendido o texto debemos contrastar o noso punto de vista co de quen o escribiu. Esa persoa di x, pero que penso eu?

REDACCIÓN

- Unha vez feito o anterior procedemos a escribir. Un comentario ten que estar dividido en tres partes esenciais: Introducción, desenvolvemento e conclusión.
- Como o seu nome indica, na introdución debemos presentar o texto. Trátase de dicirlle ao lector quen escribiu o fragmento (o que saibamos) e cal é o problema que pretende abordar.
- O desenvolvemento ocupa a maior parte do comentario. Fundamentalmente, aquí temos que explicar o texto (demostrar que o comprendemos e explicarllo a alguén que non) e contrastar as nosas ideas coas súas. Este proceso ha de ser o máis pormenorizado (non podemos ir ás présas). Dende o principio do texto, temos que explicalo todo: as ideas principais e as secundarias. Unha forma de enriquecer esta explicación é usar exemplos. Unha vez feito isto procedemos a analízalo criticamente: Estou de acordo con todo o que di? Con nada? Só con algunhas cousas? Por suposto, hai que xustificar cada cousa que sosteñamos. Se cremos que a autora ou autor se equivocan en algo hai que dicir por que. Tamén se cremos que está no correcto. Esta parte debería ocupar un (grande), dous o máis parágrafos
- Por último, na conclusión temos que aclarar que fixemos no comentario. É dicir, que cuestións analizamos, se criticamos criticamos ou o apoiamos as ideas do texto e por que motivos. Algo que podemos facer aquí é mencionar aqueles aspectos ou ideas secundarias que non se discutiron por falta de tempo ou espazo.

ALGUNHAS CLAVES

*Las citas deben ir entre comiñas sempre: “...”

*Non repetir nada do autor/a. Usa sempre as túas palabras.

*Non comezar nunca con “Vai de...” ou “Di que...”. Algunhas fórmulas para comezar a escribir son: “El presente texto/fragmento trata de...”, “A autora de este escrito afirma...”.

*Usar conectores como: “En primeiro lugar...”, “Deste xeito...”, “Non obstante...”, “Finalmente...”, “Así mesmo”, “Así pois”, “Xa que logo...”, “En consecuencia...”, “En conclusión...”.

*Empregar un vocabulario diverso e apropiado. Escribir con estilo propio, procurando a claridade e a beleza.

*Dividir a redacción en parágrafos ben separados.

*Deixar marxe en todos os lados da folla.

*Usar exemplos.

*Non hai unha extensión fixa, pero un comentario debería ser máis longo có propio texto.